

| | |
|------------------------|---|
| Exposición | Os rostros do comercio xusto |
| Obxectivo | Sensibilización sobre comercio xusto |
| Características | 40 imaxes |

DESCRICIÓN

A exposición fotográfica '**Os rostros do comercio xusto**' amosa o traballo resultante da relación entre [Amarante Setem](#) (Galicia) e a [Fundación Maquita](#) (Ecuador), organización de referencia no sector primario e social do país andino, para apoiar a pequenas **cooperativas dedicadas ao cacao, os cítricos ou a cana** de azucre. Unha colaboración que incidiu nunha maior igualdade de oportunidades, unha mellora das condicións de vida das clases máis baixas e o avance cara unha equidade de xénero real.



A mostra, protagonizada polo campesiñado ecuatoriano, recolle unhas 40 imaxes en cor e branco e negro realizadas polo fotoxornalista vigués Miguel Núñez durante o proxecto acometido en Ecuador por un grupo de cinco reporteiros de Agareso no verán de 2009. O obxectivo é **concienciar sobre o consumo responsable**, poñendo en valor o cambio que se produciu nalgunhas comunidades agrícolas do Sur grazas ao comercio xusto e a cooperación internacional.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Documental '[Pequenas doses de supervivencia](#)'

Blog '[Agareso en Ecuador. Comercio xusto](#)'

CARACTERÍSTICAS

40 imaxes en 28 cadros

Fotografías en cor e b/n

Medidas: 25 cadros de 40x60cm, 2 cadros de 60x1,35cm e 1 cadro de 73x82cm

Materiais: Marco de aluminio

Autoría: Miguel Núñez